

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Vista a acta para cubrir dúas prazas na categoría de auxiliar de puericultura como persoal laboral con contrato de interinidade en praza, aprobadas por resolución da alcaldía con data do 31/07/2017, e publicadas no BOP nº 164 no día 28/08/2017 de data 01/03/2018 contestando as alegacións presentadas polos candidatos á puntuación final e puntuación definitiva, de data 31/01/2018 que entre outros extremos recolle: "... *Procédese a examinar todas as alegacións presentadas polos candidatos.*

1.- MARÍA HERBOLINDA SANCHEZ SAMPEDRO.

A solicitante alega que na fase de Concurso, o Tribunal non lle puntuou a experiencia laboral, toda vez que traballou 16 meses no Concello de Ponteareas, polo que a súa puntuación final tería que ser de 20 puntos e non de 18,40 puntos, como figura na acta final.

*O tribunal ESTIMA a alegación, xa que unha vez revisada a documentación presentada pola candidata, efectivamente comprobouse que non foi puntuada a súa experiencia laboral no Concello de Ponteareas, e polo tanto á puntuación que se lle concedeu (18,40) terá que engadírselle 1,6 puntos, co que a puntuación total acadada pola candidata é de **20 PUNTOS***

2.- UXÍA SANTISO RODRIGUEZ.

A solicitante alega que non foi puntuada correctamente na Fase de Concurso, no apartado de formación.

O tribunal, unha vez revisada a documentación presentada, ESTIMA a alegación parcialmente, xa que se lle concedeu 0,10 puntos polo curso de Prevención de Riscos Laborais, cando lle corresponderían 0,20 puntos, polo que haberá que engadirlle 0,10 puntos no apartado de formación.

En canto á alegación na que solicita que lle sexa puntuado o título de monitor de Tempo Libre, o Tribunal estímalle a alegación e concédelle 1 punto máis no apartado de formación.

Sobre a alegación na que solicita que se lle puntúe o Curso de Programa de desenvolvemento de competencias profesionais, o Tribunal DESESTIMA a alegación, xa que considera que non está directamente relacionado co posto de traballo de Auxiliar de Puericultura.

*Polo tanto á puntuación final da candidata se lle terán que engadir 1,20 puntos co que quedará en **19,28 PUNTOS.***

3.- MARÍA ROSA ROSILLO BADA:

Alega que a resposta da pregunta 7 do segundo exame (suposto práctico) é incorrecta, xa que considera que a resposta correcta é a "B" e non a "C".

O Tribunal, unha vez revisada a documentación presentada, acorda DESESTIMAR a alegación, xa que, como resolveu anteriormente, e consultado coa Asesora Técnica, esta ratifícase na súa decisión de que a resposta correcta é a "C".

En canto a outra alegación, na que a candidata di que a puntuación que lle concedeu o Tribunal, na Fase de Concurso, sobre os cursos presentados non é a correcta, e que se revise a documentación:

Este Tribunal estima a alegación, xa que, aínda que na documentación presentada no prazo establecido pola candidata para optar á praza, existían dous diplomas que non contiñan o número de horas realizadas, pero como no escrito presentado posteriormente presentou outra vez os diplomas co número de horas realizadas, o Tribunal as ten en conta, polo que se que lle conceden 0,20 puntos máis na puntuación de formación, e consecuentemente a puntuación total pasa a ser de **19,91 PUNTOS**

4.- ASUNCIÓN OTERO ATANES

A candidata alega que non está de acordo coa valoración final de todos os aspirantes á praza, polo que solicita facer unha revisión de todos os expedientes dos candidatos presentados ás probas de selección.

O Tribunal procedeu a revisar a documentación presentada pola candidata e comprobou que na fase de Concurso, no apartado de formación non se lle valorou un curso de 20 horas de duración, polo que á puntuación final, que era de 18,82 puntos, terá que engadírselle 0,10 puntos, co que finalmente a puntuación final será de **18,92 PUNTOS**.

5.- MARÍA TERESA GROBA UCHA

A candidata alega que debería ter máis puntuación da que lle concedeu o Tribunal, baseándose en: 1º) que na fase de concurso, no apartado de FORMACIÓN, non se lle valorou unhas prácticas de 220 horas de duración, dentro do proxecto “aQuelando3” “Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil”.

2º) que na fase de oposición, apartado EXPERIENCIA, non se lle valorou o ter traballado como auxiliar de biblioteca durante 11 meses no Concello de Ponteareas.

En canto ao primeiro punto,(formación) o Tribunal ESTIMA a alegación e acorda concederlle 1 PUNTO por ter realizado o curso “Dinamización de actividade de tempo libre educativo e xuvenil”, de 220 horas.

O Tribunal fai constar que se lle valorou con 0,35 puntos o curso de “prevención y evaluación del maltrato infantil”, de 60 horas de duración. Polo tanto a puntuación total no apartado de formación é de 1,35 PUNTOS

En canto ao segundo punto, (experiencia) o Tribunal acorda desestimar a alegación, xa que a candidata baséase en que traballou como auxiliar de biblioteca para o Concello de Ponteareas, pero este traballo non ten relación directa co posto de traballo de Auxiliar de Puericultura.

O Tribunal fai constar que se lle valoraron os cinco meses que estivo traballando no Concello como auxiliar de Puericultura, e se lle concedeu unha puntuación de 0,50 Puntos.

A puntuación final da candidata é de **18,69 PUNTOS**

6.- MARTA IGLESIAS PÉREZ

A candidata alega que na fase de Concurso, non se lle puntuaron ben os méritos de FORMACIÓN.

O Tribunal, unha vez revisada a documentación presentada, ESTIMA a alegación en parte, xa que considera que non se lle puntuou o curso de monitora de tempo libre, polo que se lle concede 1 punto máis no apartado de formación, acadando un total de 1,50 PUNTOS.

Así mesmo o Tribunal acorda non puntuarlle o Diploma de participación nas "Xornadas sobre o menor" de 30 horas, toda vez que non está homologado por ningún organismo oficial.

Polo tanto, a puntuación final da candidata é de **16,86 PUNTOS**

Á vista de resolución das alegacións presentadas polas candidatas, emítense á seguinte:

RELACIÓN DAS PUNTUACIÓNS FINAIS DOS ASPIRANTES (FASE OPOSICIÓN + FASE CONCURSO + PROBA GALEGO), ORDENADAS DE MAIOR A MENOR:

DNI	ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
*****305X	LÓPEZ FERNÁNDEZ , ALBA	22,01
*****134H	SÁNCHEZ SAMPEDRO, MARÍA HERBOLINDA	20,00
*****260A	BARROS COUTO, MARÍA DEL MAR	19,97
*****076Y	ROSILLO BADA, MARÍA ROSA	19,91
*****281F	PARAMOS ARJONES, S ANTIAGO	19,61
*****831P	ENRÍQUEZ ABALLO, LETICIA	19,35
*****155W	SANTISO RODRÍGUEZ, UXÍA	19,28
*****203H	AMIL LAGO, MARTA	19,17
*****447P	OTERO ATANES, MARÍA ASUNCIÓN	18,92
*****371H	GROBA UCHA, MARÍA TERESA	18,69
*****034M	RODRÍGUEZ SEQUEIROS, LORENA	18,66
*****785C	ABAD LAGO, VANESA	18,57
*****222K	ACUÑA ÁLVAREZ, MARÍA TATIANA	17,34
*****159W	RODRÍGUEZ CARBALLIDO, CRISTINA	17,28
*****675D	GONZÁLEZ LÓPEZ, LUCÍA	17,15
*****068H	LÓPEZ SANDE , MARGARITA	16,98
*****204B	IGLESIAS PÉREZ, MARTA	16,86

DNI	ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
*****559B	PORTO MARTÍNEZ, ROSA ANA	16,71
*****846X	FERRO RODRÍGUEZ, LAURA	16,71
*****923F	PIÑEIRO GONZÁLEZ, NEREA	16,45
*****168M	EIRAS GÁNDARA , NOEL	15,80
*****033G	FERREIRO DÍAZ , ANA MARÍA	15,76
*****290P	LORENZO CAMES , JESICA	15,14
*****138F	LAGO SEIJO , SARAI	14,69
*****796D	FERRO CONDE , ANDREA	14,12
*****101G	CASTRO BARRIO , CARMEN	13,04
*****763W	ABALDE EIREOS , LAURA	12,15

Á vista das puntuacións acadadas polos/as aspirantes, este tribunal propón o nomeamento das candidatas:

LOPEZ FERNÁNDEZ, ÁLBA.....22,01 PUNTOS

SÁNCHEZ SAMPEDRO, M^a. HERBOLINDA..... 20,00 PUNTOS

Como queira que debido á resolución das alegacións presentadas polas candidatas e unha vez feitas as correccións oportunas, houbo variacións nas puntuacións con respecto á listaxe publicada anteriormente, entre elas a da segunda praza, xa que estaba asignada a dona **MARÍA DEL MAR BARROS COUTO**, e agora trala corrección pasa ao terceiro posto, este Tribunal acorda concederlle á dita candidata un TRÁMITE DE AUDIENCIA para que poda examinar o seu expediente, no prazo de 10 días, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello **RECURSOS**:

Contra a presente acta final, poderase interpoñer recurso de Alzada ante o mesmo órgano que o dictou ou superior no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, ás 12,00 horas polo Presidente levántase a sesión da que eu, Secretario do Tribunal, dou fe”

Este Alcaldía ao abeiro das competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local e o artigo 10 da Lei 40/2015 , de 01 de outubro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

Resolve

1.- Ratificar o contido íntegro da Acta de resolución de alegacións, salvo o sinalado no punto 2, quedando a lista final de puntuacións da seguinte maneira:

DNI	ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
*****305X	LÓPEZ FERNÁNDEZ , ALBA	22,01
*****134H	SÁNCHEZ SAMPEDRO, MARÍA HERBOLINDA	20,00
*****260A	BARROS COUTO, MARÍA DEL MAR	19,97
*****076Y	ROSILLO BADA, MARÍA ROSA	19,91
*****281F	PARAMOS ARJONES, S ANTIAGO	19,61
*****831P	ENRÍQUEZ ABALLO, LETICIA	19,35
*****155W	SANTISO RODRÍGUEZ, UXÍA	19,28
*****203H	AMIL LAGO, MARTA	19,17
*****447P	OTERO ATANES, MARÍA ASUNCIÓN	18,92
*****371H	GROBA UCHA, MARÍA TERESA	18,69
*****034M	RODRÍGUEZ SEQUEIROS, LORENA	18,66
*****785C	ABAD LAGO, VANESA	18,57
*****222K	ACUÑA ÁLVAREZ, MARÍA TATIANA	17,34
*****159W	RODRÍGUEZ CARBALLIDO, CRISTINA	17,28
*****675D	GONZÁLEZ LÓPEZ, LUCÍA	17,15
*****068H	LÓPEZ SANDE , MARGARITA	16,98
*****204B	IGLESIAS PÉREZ, MARTA	16,86
*****559B	PORTO MARTÍNEZ, ROSA ANA	16,71
*****846X	FERRO RODRÍGUEZ, LAURA	16,71
*****923F	PIÑEIRO GONZÁLEZ, NEREA	16,45
*****168M	EIRAS GÁNDARA , NOEL	15,80
*****033G	FERREIRO DÍAZ , ANA MARÍA	15,76
*****290P	LORENZO CAMES , JESICA	15,14
*****138F	LAGO SEIJO , SARAI	14,69
*****796D	FERRO CONDE , ANDREA	14,12

DNI	ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
*****101G	CASTRO BARRIO , CARMEN	13,04
*****763W	ABALDE EIREOS , LAURA	12,15

2.- Visto que a citada Acta ven motivada pola resolución dunha serie de recursos de alzada presentados fronte a Acta de puntuación final de data 31 de xaneiro de 2018, non cabería fronte a ela novamente recurso de Alzada, polo que detectado erro material na Acta de resolución de alegacións, procedo a rectificar o pé de recurso do seguinte xeito:

“RECURSOS:

Contra a presente acta final, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados, ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 112.1 e 123 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consorte ó establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, regulamentadora da xurisdición contenciosa administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.”

3.- Contratar a través dun contrato de interinidade en praza a D^a. Alba López Fernández e a D^a M^a Herbolinda Sánchez Sampedro, cuxo obxecto é a cobertura da praza ata a súa convocatoria pública ou amortización da mesma coas seguintes características:

Nº de prazas	2
Código praza	1.11.10;1.11.23 (Cadro de persoal BOP 08/07/2016)
Grupo Convenio	4
Xornada	Completa
Denominación	Auxiliar Puericultura
Retribucións	Convenio Colectivo Concello Ponteareas

4.- No caso que algunha das aspirantes renuncien a prazas nomearase a seguinte persoa da lista seguindo o orde de puntuación.

5- Dar traslado desta Resolución ao departamento de Persoal, Intervención e Tesourería.

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Ponteareas, documento asinado electrónicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez